



## Concello de Oza-Cesuras

**PREGO DE CONDICIÓN PARA A ADQUISICIÓN A TÍTULO ONEROSO (COMPRAVENDA) POLO CONCELLO DE OZA-CESURAS, MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, DUNHA EDIFICACIÓN COMPLETA CON ALOMENOS UN BAIXO E UNHA PLANTA, NA ZONA URBANA DE OZA DOS RÍOS, PARA PATRIMONIO MUNICIPAL (SOCIO-CULTURAL, ADMINISTRATIVO, RESIDENCIAL, ETC.)**

### **1ª.- Obxecto do contrato.**

Constitúe o obxecto do contrato a adquisición mediante compravenda dunha edificación completa con alomenos un baixo e unha planta, na zona urbana de Oza dos Ríos, para patrimonio municipal (socio-cultural, administrativo, residencial, etc.) cuxas características e condicións se definen no epígrafe 1 do cadro de características do contrato que constitúe o anexo núm. I do presente prego.

### **2ª.- Orzamento.**

O orzamento máximo de licitación será o que figura no epígrafe 2 do cadro de características do contrato (anexo I).

Nas ofertas de venda presentadas polos licitadores entenderanse excluídos os eventuais tributos que graven a transmisión (IVE ou Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, segundo proceda).

Non se admitirán gastos ou abono de comisións de calquera clase por parte da administración adquirente a favor de inmobiliaria, axente ou intermediario.

### **3ª.- Financiamento.**

Para atender ás obrigas económicas que se deriven a esta Administración do correspondente contrato, existe crédito suficiente no vixente orzamento, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no epígrafe 3 do cadro de características do contrato (anexo I).

### **4ª.- Forma de adxudicación.**

O procedemento para seleccionar o posible vendedor da mencionada edificación completa realizarase por concurso público, de acordo co disposto no artigo 116.4º da Lei





## Concello de Oza-Cesuras

---

33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administración públicas, mediante proposición económica en sobre pechado, todo iso conforme aos termos e requisitos establecidos neste prego.

### 5ª.- Consulta do prego de condicións e obtención de copias.

Os interesados poderán consultar este prego e obter copia del na web municipal ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)) ou nas oficinas municipais, sitas nas Casas do Concello de Oza dos Ríos e Cesuras. Neste último caso, dentro do prazo de presentación de ofertas, os días laborables, entre as 9,00 e as 14,00 horas.

### 6ª.- Capacidade para contratar.

Poderán participar na convocatoria pública as persoas físicas ou xurídicas españolas ou extranxeiras que teñan plena capacidade de obrar e non concorran en ningunha das circunstancias de prohibición para contratar recollidas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### 7ª.- Anuncio.

O concurso público a que se refire este prego anunciarase no B.O.P. da Coruña e tamén, para os só efectos informativos, na web do concello ([www.concellodeozacesuras.es](http://www.concellodeozacesuras.es)). Será de conta do adxudicatario o pagamento dos gastos derivados do dito anuncio ata un máximo de 300 euros.

### 8ª.-Lugar e prazo de presentación de proposicións.

Cada oferta incluírá unha única edificación completa con alomenos un baixo e unha planta, podendo cada oferente presentar, en sobres separados, tantas ofertas como edificacións completas con alomenos un baixo e unha planta queira ofrecer, sen que poidan presentar variantes ou alternativas. Cada proposición deberá cumprir os requisitos e conter, de forma separada, a correspondente documentación.

As ofertas para poder tomar parte na licitación presentaranse no rexistro xeral do Concello de Oza-Cesuras, en calquera das dúas sedes de Oza dos Ríos ou Cesuras, en horario de 9,00 a 14,00 horas, dentro do prazo sinalado no epígrafe 4 do cadro de características do contrato (anexo I), contado a partir da data de publicación do anuncio no B.O.P. da Coruña.





## Concello de Oza-Cesuras

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos non obstante dez días seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

A presentación de proposicións supón que a persoa interesada acepta incondicionalmente as condicións deste prego, sen ningunha excepción, así como que autoriza ao concello a consultar cantos datos sexan necesarios para a tramitación do procedemento.

### 9ª.- Documentación a presentar polos licitadores.

A documentación presentarase en un sobre pechado no que figurará a inscrición ou título “CONVOCATORIA PARA A ADQUISICIÓN (COMPRAVENDA) POLO CONCELLO DE OZA-CESURAS, MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, DUNHA EDIFICACIÓN COMPLETA CON ALOMENOS UN BAIXO E UNHA PLANTA, NA ZONA URBANA DE OZA DOS RÍOS, PARA PATRIMONIO MUNICIPAL (SOCIO—CULTURAL, ADMINISTRATIVO, RESIDENCIAL, ETC.)”, así como o nome, enderezo e o correo electrónico (e-mail) do licitador para as comunicacións.

Este sobre conterá dentro, á súa vez, outros dous sobres, “A” e “B”, tamén pechados e cos seguintes títulos:

- Sobre “A”: Titulado “Documentación administrativa”. Conterá os seguintes documentos, orixinais ou compulsados:
  - a) Declaración responsable, segundo o modelo que se incorpora como Anexo II deste prego.
  - b) D.N.I. da persoa física do propoñente: cando o licitador actúe en nome propio).
  - c) Poder notarial bastante: cando o licitador non actúe en nome propio.
  - d) Escritura de constitución e modificación da sociedade e/ou estatutos sociais, inscrita no Rexistro Mercantil e C.I.F. da sociedade (se o propoñente é persoa xurídica).
  - e) D.N.I. do apoderado ou representante (se o propoñente é persoa xurídica).
- Sobre “B”: Titulado “Documentación técnica, xurídica e oferta económica”, que conterá a seguinte documentación:





## Concello de Oza-Cesuras

---

- a) Orixinal ou copia compulsada do título de propiedade da edificación que se ofrece.
- b) Certificación ou nota simple expedida polo Rexistro de Propiedade acreditativa da situación rexistral da edificación, en canto a inscrición, titularidade e estado de cargas e gravames. Serán rexeitadas as ofertas relativas a solares con edificacións que non figuren inscritos no rexistro da propiedade a nome dos correspondentes oferentes ou en condicións xurídicas que permiten a súa inmediata escrituración e inscrición no Rexistro da Propiedade a nome do comprador. Igualmente serán rexeitadas as ofertas cando no rexistro da propiedade só figure o solar pero non a edificación.
- c) Certificación Catastral descritiva e gráfica da finca e, no seu caso, da edificación.
- d) Declaración responsable do estado de acondicionamento (divisións, instalacións, equipamentos e servizos, etc.) cos que conte na actualidade a edificación ofrecida, tanto da vivenda (alomenos unha) como do baixo (alomenos un), acompañada da correspondente reportaxe fotográfica (exterior e interior), segundo modelo que se achega como anexo III.
- e) Plano de situación da edificación ofrecida a escala axeitada (mínima 1/5000) onde apareza marcada a distancia da mesma en liña recta á Casa do Concello, sede de Oza dos Ríos.
- f) Oferta económica ou proposta de prezo, conforme ao modelo que consta no Anexo IV do presente prego.

O licitador comprométese a manter a súa oferta por un prazo mínimo de tres meses, que comezará a contar dende a apertura das proposicións.

### 10ª.- Mesa de Licitación.

Dentro dos dez días hábiles seguintes á conclusión do prazo fixado para a presentación de proposicións, constituirase a mesa de valoración das ofertas, que estará integrada por:

Presidente:

Concelleira delegada de Servizos Sociais, Familia e Muller, ámbito de Cesuras: D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Rilo Santos

Vogais:

Representante do Concello: a concelleira D<sup>a</sup> Carmen Pilar Barreiro Varela.

O secretario-interventor: D<sup>o</sup> José Carmelo Sánchez Presedo.

A técnico de Administración Xeral: D<sup>a</sup> María Belén García Otero.

A administrativa de Administración Xeral: D<sup>a</sup> María Teresa Saavedra Cruz, que actuará como secretaria, con voz e voto.





## Concello de Oza-Cesuras

---

### 11ª.- Apertura de proposicións.

#### 11.1. Apertura do sobre “A”

Terá lugar no lugar, data e hora que se indica no epígrafe 5 do cadro de características do contrato (anexo I).

Primeiramente abriranse os sobres “A”, no lugar e hora sinalados no anuncio. A Mesa de Licitación procederá, en acto público, a examinar a documentación recollida nos ditos sobres e se apreciase a existencia de erros emendables, notificarao aos interesados para que nun prazo máximo de cinco días hábiles procedan á devandita corrección. Transcorrido este prazo a Mesa determinará que licitantes quedan admitidos ou excluídos por non emendar debidamente a documentación.

De cada acto levantarase a correspondente acta.

#### 11.2. Apertura do sobre “B”.

Se os sobres “A” non presentasen erros emendables, a Mesa procederá á confeccionar a listaxe de licitadores admitidos, dar lectura da mesma e, a continuación, procederá no mesmo acto á apertura dos sobres “B”. No suposto que fose necesario un trámite de emenda ou corrección, a apertura dos sobres “B” terá lugar no lugar, data e hora igualmente sinalados no anuncio. Neste caso, a Mesa de Licitación procederá en acto público á lectura da listaxe de licitadores admitidos, e a continuación realizará a apertura dos sobres “B”.

A Mesa rexeitará no momento, mediante resolución motivada, aquelas proposicións que non garden concordancia coa documentación examinada, se aparten substancialmente do modelo, excedan do prezo máximo de compravenda, comporten erro manifesto no importe da proposición o existise recoñecemento do licitador de que adolece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable. Igualmente, a Mesa rexeitará no momento aquelas outras ofertas cuxo solar edificable non cumpra os requisitos esixidos no epígrafe 1 do cadro de características do contrato (Anexo I).

No prazo máximo dun mes para contar desde a celebración do devandito acto, a Mesa analizará as ofertas atendendo aos criterios e ao procedemento fixados neste prego, e poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos e que se relacionen co obxecto do concurso.





## Concello de Oza-Cesuras

### 11.3. Listaxe de ofertas máis vantaxosas.

A aprobación da valoración dos criterios do sobre “B” levarase a cabo en acto público no lugar, día e hora sinalados no anuncio que para os efectos se publicará no tablón de edictos do concello e se comunicará aos licitadores admitidos vía correo electrónico, procedéndose acto seguido a confeccionar a listaxe das ofertas máis vantaxosas desde o punto de vista económico clasificándoas en orde decrecente.

### 12ª.- Criterios que servirán de base á adjudicación.

Serán os seguintes, por orde de importancia:

- a) Estado de acondicionamento (divisións, instalacións, equipamentos, servizos, etc.) que presenta a edificación completa ofrecida na actualidade e que resulten aproveitables para o destino previsto: De 0 a 40,00 puntos.

A estes efectos, os Servizos Técnicos Municipais, previa visita de comprobación, efectuarán un informe onde se relacionarán e describirán as divisións, instalacións, equipamentos, servizos, etc. que presenta a edificación completa na actualidade e que son aptas para o fin que se pretende, e se valorarán as mesmas. Así mesmo, farase constar, no seu caso, as divisións, instalacións ou equipamentos que presenta a edificación (tanto o baixo/s como a/as plantas) e que, no seu caso, deberían ser demolidos por non ser aproveitables para a finalidade que se pretende. Os traballos de demolición deberán ser valorados negativamente. O informe deberá ser acompañado da correspondente reportaxe fotográfica e rematará cunha proposta de puntuación deste criterio en base aos anteriores parámetros así como outros como as obras de adaptación necesarias que habería de acometer o concello na edificación para a finalidade pretendida; se é vivenda illada ou non (valorándose máis a vivenda illada), se existe no solar solo non ocupado pola edificación que poda ser utilizado (o cal se valorará), valor arquitectónico da edificación ofrecida, a súa forma (valorase máis a forma regular), a súa distribución, eficiencia enerxética, gastos previsibles de mantemento, etc. Así mesmo, o informe conterá unha taxación da edificación completa en cuestión a prezos de mercado.

- b) Maior superficie real útil da edificación sobre a mínima esixible: Ata 30,00 puntos, da forma seguinte:

A máxima puntuación outorgarase á edificación das ofrecidas que teña a máxima superficie útil real e aos demais a que corresponda conforme á seguinte fórmula:  $P = pm * O / mo$  ("P" é a puntuación, " pm" é a puntuación máxima, " mo" é a mellor oferta e "O" é o valor cuantitativo da oferta que se valora).





## Concello de Oza-Cesuras

Rexeitaranse as ofertas de edificación completa con alomenos un baixo e unha pranta cunha superficie mínima real útil inferior a 200 m<sup>2</sup> así como aquelas edificacións que formen parte dun edificio e non constitúan unha edificación completa con alomenos un baixo e unha planta.

- c) Mellor situación da edificación, entendida esta como a maior proximidade á Casa do Concello de Oza dos Ríos en liña recta: De 0 a 20,00 puntos, de acordo coa seguinte fórmula:

A máxima puntuación outorgarase á edificación das ofrecidas que estea máis perto en liña recta e aos demais a que corresponda segundo a seguinte fórmula:  $P=(pm*mo)/O$  ("P" é a puntuación, " pm" é a puntuación máxima, " mo" é a mellor oferta e "O" é o valor cuantitativo da oferta que se valora).

- d) Mellor prezo da compravenda: Ata 10,00 puntos.

A máxima puntuación outorgarase á oferta de prezo máis baixo e ás demais a que corresponda segundo a seguinte fórmula:  $P=(pm*mo)/O$  ("P" é a puntuación, " pm" é a puntuación máxima, " mo" é a mellor oferta e "O" é o valor cuantitativo da oferta que se valora).

Os licitadores autorizarán e facilitaranlle o acceso ás edificacións completas ofertadas ao persoal técnico do concello para a súa inspección, valoración e, no seu caso, taxación segundo os criterios establecidos neste prego.

### 13ª.- Examen da taxación da edificación seleccionada e, no seu caso, contraoferta.

Aprobada a valoración das ofertas admitidas e confeccionada a listaxe clasificatoria das ofertas máis vantaxosas por orde decrecente, a Mesa de Licitación examinará a taxación efectuada polos Servizos Técnicos Municipais da oferta seleccionada en primeiro lugar obrante no expediente.

Se o prezo desa taxación fose inferior ao ofertado, o alcalde fará unha contraoferta por importe do prezo da taxación.

O vendedor poderá aceptar o prezo ofrecido ou rexeitar a contraoferta a través do correspondente escrito no prazo máximo de 5 días naturais desde a súa notificación. Se o vendedor acepta por escrito o prezo da contraoferta, a Mesa de Licitación realizará proposta de adxudicación ou celebración do contrato ao seu favor. Se non presenta o escrito de aceptación entenderase rexeitada a contraoferta. No caso de que non se acepte a contraoferta, desistirase da compra dese inmovible e continuarase o procedemento de taxación e contraoferta co seguinte ofertante, segundo a orde de prelación establecida, e así, no seu caso, sucesivamente.





## Concello de Oza-Cesuras

---

Se o prezo da taxación fose igual ou superior ao ofrecido non procederá o trámite de contraoferta e a Mesa de Licitación poderá realizar sen máis trámites proposta de adxudicación ou celebración do contrato a favor do vendedor correspondente polo prezo ofrecido.

Non obstante, o órgano competente poderá desistirse da adquisición se estima a concorrencia de razóns xustificativas para iso.

### **14ª.- Proposta de adxudicación.**

A Mesa de Licitación realizará a proposta de adxudicación ou celebración do contrato de compravenda que proceda e elevaraa ao órgano competente para a adquisición, levantándose a correspondente acta, sen que a proposta de adxudicación cre dereito algún a favor do adxudicatario proposto.

Seguidamente, a secretaría da Mesa de Licitación solicitará por escrito ao proposto como adxudicatario a presentación da documentación xustificativa do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e a Xunta de Galicia (as correspondentes ao concello de Oza-Cesuras serán unidas ao expediente de oficio) e da Seguridade Social, concedéndolle para os efectos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento.

Presentada a documentación en tempo e forma, o órgano competente poderá adxudicar o contrato de compravenda polo prezo pactado a prol do vendedor seleccionado, por ser a súa oferta a máis vantaxosa conforme os criterios establecidos neste prego, e acordar a formalización do correspondente contrato ou declarar deserto o concurso. A resolución en calquera dos dous casos deberá ser motivada.

Se o proposto como adxudicatario non presentase a mencionada documentación xustificativa entenderase que desiste do contrato e o órgano de adxudicación poderá ordenar que se inicie o procedemento de exame da taxación e, no seu caso, contraoferta co seguinte ofertante, segundo orde de prelación, ou desistir da adquisición motivadamente.

A resolución que proceda en orde á adxudicación deberá adoptarse polo órgano competente no prazo máximo de tres meses, a contar dende a apertura de proposicións e notificaráselles ao vendedor e demais licitadores interesados no prazo máximo de dez días hábiles e se publicará na web municipal.

### **15ª.- Formalización do contrato.**







## Concello de Oza-Cesuras

---

O contrato formalizarase en escritura pública dentro do prazo de 30 días naturais a contar dende o seguinte ao da notificación da adxudicación, perante o fedatario público competente a elixir polo Concello de Oza-Cesuras.

### **16ª.- Entrega da edificación.**

O vendedor obrígase á entrega e saneamento do inmovible completo obxecto de adquisición de acordo co artigo 1.461 e seguintes do Código Civil. Entenderase entregado o inmovible vendido coa sinatura da escritura pública de compravenda, momento no que se dará posesión del mediante a entrega das súas chaves.

### **17ª.- Pagamento do prezo.**

O pagamento do prezo ao vendedor será efectuado mediante cheque nominativo expedido pola Tesouraría Municipal que se entregará no acto de formalización da escritura pública.

### **18ª.- Gastos.**

Todos os gastos de notaría e impostos derivados da transmisión serán satisfeitos polas partes segundo a lei. Os gastos de inscrición rexistral serán por conta municipal. As partes contratantes comprométese e obríganse a realizar cantas escrituras de corrección, rectificación e calquera outras fosen precisas para a inscrición da edificación adquirido no rexistro da propiedade correspondente.

### **19ª.- Réxime Xurídico.**

O contrato que regula este prego terá natureza privada e rexerase:

- a) En canto á súa preparación e adxudicación, polo presente prego e, no non previsto nelas, polas normas da lexislación patrimonial correspondentes ás entidades locais e demais Administracións Públicas, pola normativa de contratación do sector público e as súas disposicións de desenvolvemento.
- b) En canto aos seus efectos e extinción, polas normas de dereito privado.





## Concello de Oza-Cesuras

---

### ANEXO I

#### Cadro de características do contrato.

##### Epígrafe 1:

a) Obxecto: Adquisición dunha edificación completa con alomenos baixo e unha planta, na zona urbana de Oza dos Ríos, para patrimonio municipal (socio-cultural, administrativo, residencial, etc.).

Rexeitaranse as ofertas de edificación completa con alomenos un baixo e unha pranta cunha superficie mínima real útil inferior a 200 m<sup>2</sup> así como aquelas edificacións que formen parte dun edificio e non constitúan unha edificación completa con alomenos un baixo e unha planta.

O seu titular poderá ser unha persona física ou xurídica, único ou en réxime de copropiedade.

b) Localización: Zona urbana de Oza dos Ríos, municipio de Oza-Cesuras (A Coruña)

c) Superficie mínima real útil da edificación completa: 200 m<sup>2</sup>.

d) Condicións urbanísticas: os usos urbanísticos permitidos na edificación serán residencial, comercial, oficinas e administrativo. Así mesmo deberán contar con acceso rodado, beirarrúas, alumeadado público e dispoñer dos servizos de luz, auga e alcantarillado a pé de parcela.

e) Estado: A edificación e o solar sobre o que se asenta deberán estar libres de cargas ou gravames e sen arrendatarios ou ocupantes por calquera título, incluso o precario, e ser o seu titular rexistral o vendedor ou estar en condicións xurídicas que permitan a súa inmediata escrituración e inscrición no Rexistro da Propiedade. Así mesmo a edificación deberán estar ao corrente do pagamento dos diferentes tributos municipais (imposto sobre bens inmobles, taxa por recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, etc.) e, no seu caso, do pagamento das subministracións (auga, electricidade, gas etc.). No suposto de existir débedas referidas aos tributos locais, deberá constar o compromiso de compensación ao que se refire a declaración responsable.

A ofertas que non se axusten a calquera destas características serán rexeitadas.

##### Epígrafe 2:

Orzamento máximo: 130.000 euros, tributos excluídos (IVE ou Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, segundo proceda).

##### Epígrafe 3:





## Concello de Oza-Cesuras

---

Aplicación orzamentaria: 337.60000

### **Epígrafe 4:**

Prazo de presentación de ofertas: 10 días naturais a contar da publicación do correspondente anuncio no BOP.

### **Epígrafe 5:**

Apertura de documentación administrativa e proposicións (sobres “A e B”): Nas datas especificadas no anuncio do concurso que se publique no BOP da Coruña.





## Concello de Oza-Cesuras

### ANEXO II Modelo de declaración responsable

#### «DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D<sup>a</sup>.....veciño de....., con  
endereço en....., n.º ....., con DNI n.º .....  
....., en representación da Entidade .....,  
con CIF n.º....., para os efectos da súa participación na CONVOCATORIA  
PARA A ADQUISICIÓN A TÍTULO ONEROSO (COMPRAVENDA) POLO CONCELLO  
DE OZA-CESURAS, MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, DUNHA EDIFICACIÓN  
COMPLETA CON ALOMENOS BAIXO E UNHA PLANTA, NA ZONA URBANA DE  
OZA DOS RÍOS, PARA PATRIMONIO MUNICIPAL (SOCIO-CULTURAL,  
ADMINISTRATIVO, RESIDENCIAL, ETC.)

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón participar na mencionada convocatoria.

SEGUNDO. Que non está incurso en prohibición de contratar previstas na LCSP e non ten débedas en período executivo co Concello de Oza-Cesuras. Non obstante, no suposto de existencia de débedas con este concello, comprométese ao seu pagamento ou aceptaría a súa compensación co prezo que resulte da compravenda con carácter previo ou simultáneo ao seu pagamento, no caso de ser a súa oferta a elexida.

TERCEIRO. Que é  propietario/a ou  copropietario (marcar o que proceda) da edificación que ofrece, especificado nos Anexos III e IV, tal e como acredita coa copia compulsada do título de propiedade e outra documentación que achega no sobre A.

CUARTO. Que a edificación completa ofrecida con alomenos baixo e unha planta atópase:

(Marcar o que proceda)

inscrita a nome do oferente no rexistro da propiedade, tal e como se acredita coa certificación ou nota rexistral que se achega, ou

en condicións xurídicas que permiten a súa inmediata escrituración e inscrición no Rexistro da Propiedade a nome do comprador ( a nome dos seus transmitentes).

QUINTO. Que a edificación completa e o solar onde se sitúa atópanse libres de cargas e gravames, sen arrendatarios ou ocupantes por calquera título, incluso o precario.

SEXTO. Que igualmente atópase ao corrente no pagamento dos recibos de subministración (auga, electricidade, gas, etc.) correspondentes á edificación ofrecido.

SÉTIMO. Que para os efectos de comunicacións sinala o presente dirección de correo electrónico (e-mail): \_\_\_\_\_

E para que conste, firma la presente declaración.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021 »





## Concello de Oza-Cesuras

### ANEXO III

#### Modelo de declaración responsable do estado de acondicionamento (divisións, instalacións, equipamentos, servizos, etc.) da edificación

«DECLARACIÓN RESPONSABLE DO ESTADO DE ACONDICIONAMENTO QUE PRESENTA A EDIFICACIÓN QUE SE OFRECE

D./D<sup>a</sup>.....veciño de....., con enderezo en....., n.º ....., con DNI n.º ..... , en representación da Entidade ....., con CIF n.º....., para os efectos da súa participación na CONVOCATORIA PARA A ADQUISICIÓN A TÍTULO ONEROSO (COMPRAVENDA) POLO CONCELLO DE OZA-CESURAS, MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, DUNHA EDIFICACIÓN COMPLETA CON ALOMENOS BAIXO E UNHA PLANTA, NA ZONA URBANA DE OZA DOS RÍOS, PARA PATRIMONIO MUNICIPAL (SOCIO-CULTURAL, ADMINISTRATIVO, RESIDENCIAL, ETC.)

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

● Que a edificación que se ofrece, que consta de\_\_ planta/s e \_\_\_ baixo/s, está situada\_\_\_\_\_, na parcela con referencia catastral\_\_\_\_\_, cunha superficie real útil de \_\_\_\_\_ metros cadrados.

● Que na actualidade presenta o seguinte estado de acondicionamento (DESCRIBILO)

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

● Que presenta a correspondente reportaxe fotográfica (deberá haber fotos do exterior e do interior, da/s vivenda/s e o baixo/s).

E para que conste, asina a presente declaración.

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021 »

### ANEXO IV





## Concello de Oza-Cesuras

### Modelo de oferta económica

«D./D<sup>a</sup>.....veciño de.....,con  
endereço en....., n.º ....., con DNI n.º .....  
....., en representación da Entidade .....,  
con CIF n.º....., para os efectos da súa participación na CONVOCATORIA  
PARA A ADQUISICIÓN A TÍTULO ONEROSO (COMPRAVENDA) POLO CONCELLO  
DE OZA-CESURAS, MEDIANTE CONCURSO PÚBLICO, DUNHA EDIFICACIÓN  
COMPLETA CON ALOMENOS BAIXO E UNHA PLANTA, NA ZONA URBANA DE  
OZA DOS RÍOS, PARA PATRIMONIO MUNICIPAL (SOCIO-CULTURAL,  
ADMINISTRATIVO, RESIDENCIAL, ETC.), declara:

Que coñece e acepta as condicións que rexen a citada convocatoria.

Que toma parte na mesma e ofrece ao Concello de Oza-Cesuras a adquisición onerosa da seguinte edificación completa con alomenos baixo e unha planta sita na zona urbana de Oza dos Ríos (Oza-Cesuras, provincia da Coruña):

Enderezo: \_\_\_\_\_  
Referencia catastral: \_\_\_\_\_  
Superficie real útil (m<sup>2</sup>): \_\_\_\_\_  
Inscrito no rexistro da Propiedade de: \_\_\_\_\_  
Titular rexistral: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

Estado: libre de cargas e gravames e sen arrendatarios ou ocupantes por calquera título, inclusive o precario.

Que ofrece a venda da dita edificación completa con alomenos un baixo e unha planta polo prezo total de \_\_\_\_\_ euros (poñer en letras e números) tributos excluídos (IVE ou Imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, segundo proceda).

Que para os efectos de que polo Concello de Oza-Cesuras se poida verificar a realidade dos anteriores datos e, concretamente, as características xurídicas e físicas da edificación ofertada, e, no seu caso, a súa valoración e taxación, autorízase a dita Administración para entrar no dito inmovible as veces que estime oportunas, previo aviso á propiedade. Para estes efectos establécese o seguinte teléfono de contacto \_\_\_\_\_ en horario de \_\_\_\_\_

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2021

O licitador (asinado e rubricado). »

